

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 28 DE ABRIL DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lap/122/07.- Rafael Antonio Turnes Turnes.- Obras de ampliación e reforma dunha viv. unif. e un hotel dunha estrela, así como ampliación de licenza de apertura de hotel, sito en Rúa de Muros núm.81.

2230/07.- José Antonio Lence García.- Legalización de modificacións executadas na vivenda unifamiliar levada a cabo no Lugar de Sarela de Arriba núm.49.-

DENEGADAS.-

1889/07.- Ramiro Gómez Antelo.- Substitución de cuberta en edificación existente na Rúa do Tambre núm.31.-

PARCELACIONES.-

687/08.- Jesús León Novo.- Segregación de parcelas 13, 3 e 4 do Polígono 137 de San Paio (-).-

Lap/360/07.- Herederos de Peleteiro Ramos, S.C.- Segregación das parcelas sitas no ámbito do Plan Especial do Equipamento Docente en Monte Redondo (+).-

DEVOLUCIONES FIANZAS.-

554/08.- José Manuel Lareo Figueiras, en repr. De Ruafer, S.A.-Expte..... 334/04.....64.463,89 €.-

APERTURAS.-

Lap/333/07.- Inducentro Inversiones y Desarrollo, S.L.- Apertura de planta de fabricación de formigón, licenza de apertura de oficinas, agrupación de fincas e construción de dúas naves e dous edificios de oficinas e garaxe no Polígono Costa Vella, Parcelas 81 e 82 do SUNP-37.-

Lap/185/07.- Gallega de Ayudas Técnicas, S.L.- Apertura de nave adicada a oficinas e fabricación de carpintería metálica en Vía La Cierva núm.8.-

Lap/259/07.- Marcos Antonio Martínez Torea.- Apertura de imprenta no Polígono de Boisaca, parcela 48B.

Lap/236/06.- Transportes y Excavaciones Arines, S.L.- Apertura de nave para oficinas e taller de maquinaria de empresa de transportes e movemento de terras, no Polígono Costa Vella, Amio, parcela núm.80.-

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/124/2007.- Consorcio de Santiago.- conservación do colexio Nosa Señora dos Remedios, Convento das Orfas.- Rúa das Orfas.

LIC/178/2007.- Marie Nathalie Benhamou Gallego.- construción de vivenda unifamiliar na rúa do Campo do Forno, nº 18.

LIC/158/2008.- Comunidade de Propietarios.- básico e de execución de consolidación estrutural en edificio de vivendas na rúa Algalia de Arriba, nº 43.

AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA EN SOLO RÚSTICO PREVIA Á CONCESIÓN DE LICENZA.

LIC/2458/2007.- Víctor Alonso de la Peña.- Rehabilitación de vivenda con muíño no lugar de Casal da Horta.

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social. Apróbanse axudas por importe de 4.848 euros.

6.- Propostas do concelleiro delegado de Mercados relativas á transmisión de casetas da Praza de Abastos.

Autorízase a transmisión de 4 casetas.

7 a 50.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre actividades económicas, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios.

51.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á encomenda da organización do X Trofeo Cidade de Santiago ao Club Ciclista Compostelano.

Acórdase encomendar a organización do X Trofeo Cidade de Santiago, que se celebrará o vindeiro 17 de maio, ao Club Ciclista Compostelano polo prezo de 3.125 euros.

52.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á encomenda da organización do Torneo de Chave Festas da Ascensión á Asociación de Xogadores da Chave de Santiago.

Acórdase encomendar a organización do evento, que se celebrará os vindeiros 2 e 3 de maio, á Asociación de Xogadores de Chave de Santiago polo prezo de 2.500 euros.

53.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á aprobación de axuda para mantemento de edificio no Casco Histórico (Expediente: ME-31).

Apróbase unha axuda para o mantemento dun edificio na rúa dos Lagartos por importe de 1.927 euros.

54.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á execución da sentenza 1021/2007 do TSXG en relación coas parcelas iniciais 51 e 53 da Reparcelación do polígono 1 do solo urbanizable programado número 2 (SUP-2) de Cornes.

Acórdase calificar como dubidosa ou controvertida a titularidade das parcelas de orixe 51 e 53 da reparcelación do polígono 1 do SUP-2 e conseguinte de reemprazo. Ata tanto non se resolva a controversia, por resolución xudicial ou acordo entre as partes, a participación de reemprazo inscribírase a nome do Concello, con carácter fiduciario.

55.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á adopción de acordo sobre execución de sentenza anulatoria da Reparcelación da rúa "O". Travesa de Basquiños.

Acórdase iniciar un incidente de inexecución da sentenza anulatoria da reparcelación da rúa O (Travesa de Basquiños), perante a imposibilidade de repoñer a situación anterior dos terreos afectados, que se atopan afectos ao dominio público e adiados a vía pública, sen prexuízo das indemnizacións que, de ser o caso, resulten procedentes. Así mesmo, encárgase aos servizos técnicos municipais competentes a redacción dun proxecto de normalización de predios no ámbito das parcelas afectadas, que regularice a configuración física das parcelas afectadas a fin de permitir a materialización do aproveitamento permitido polo Plan.

56.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa ao nomeamento de funcionaria/os de carreira correspondentes ás prazas da oferta de emprego do ano 2006 e 2007.

Acórdase o nomeamento de 6 funcionarios.

57.- Adxudicación do Subministro de equipamento, instalación e xestión dun sistema de aluguer de bicicletas de uso público na cidade de Santiago de Compostela.

Adxudícase o servizo á empresa TUIMIL ELECTRICIDAD, SA por importe de 147.382 euros

58.- Prorroga do contrato de Prestacion do servizo de Conservación, Mantemento, Reposición e nova implantación de Sinalización Horizontal e Vertical do termo municipal.

Acórdase a prórroga por un ano máis do contrato de referencia suscrito coa empresa APLICACIONES DE PINTURAS API, SA, a contar desde o 26 de xullo de 2008 e ata o 26 de xullo de 2009, así como a revisión do prezo de adxudicación (106.613 euros en 2008 e 149.258 euros en 2009).

59.- Aprobación do Proxecto modificado do de Rehabilitación do secadoiro da antiga fábrica de curtidos de Belvís como Centro de Interpretación Ambiental e adxudicación das obras que comprende.

Apróbase o proxecto modificado, que supón un incremento de 119.955 euros, así como a adxudicación das obras que nel se comprenden á empresa adxudicataria da obra orixinaria UTE PIEDRA SIGRÁS-REYCONS, por importe de 101.962 euros e un prazo de 3 meses.

60.- Adxudicación das Obras de instalación de alumado público na Travesía da Susana.

Adxudícanse as obras á empresa DAVIÑA SL, por importe de 53.100 euros.

61.- Adxudicación do Servizo de preparación física e entrenamento do persoal de bombeiros e Policía Local do Concello.

Adxudícase o servizo á empresa XADE SL, por importe de 2.160 euros/mes para un máximo de 150 usuarios.

62.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á solicitude de subvención para o desenvolvemento de diversos programas destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación retornada e inmigrante na Comunidade Autónoma Galega.

Acórdase solicitar unha subvención de 15.000 euros para o desenvolvemento de dous programas:

- accións formativas de ensinanza
- axudas de aloxamento e manutención para situacións de especial vulnerabilidade.

63.- Proposta da concelleira delegada de Benestar social e Muller relativa á solicitude de subvención á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia.

Solicítase á Vicepresidencia unha subvención por importe de 6.000 euros para financiar os gastos derivados da elaboración da publicidade dos traballos presentados ao concurso "Educando na convivencia en igualdade", lema: "a miña visión sobre a violencia de xénero".

64.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación das bases e orzamento do 1º Certame MUSICAXOVE´08.

Apróbanse as bases e un orzamento de 14.800 euros.

65.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica dando conta da concesión de subvencións para a realización de cursos do plan FIP.

Dáse conta da subvención concedida pola consellería de Traballo polo importe de 296.245 euros para a realización de 4 cursos de Formación Ocupacional do Plan FIP (fontaneiro, carpinteiro, canteiro e xardiñeiro).

66.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á aprobación das actividades incluídas en CORRELINGUA 2008.

Apróbase un orzamento de 4.644 euros para a actividade que se celebrará o 12 de maio.

67.- Aprobación da liquidación da programación de Fin de Ano 2007.

Aprobase a liquidación coas seguintes cifras:

Gastos aprobados: 15.780 euros

Gastos realizados: 16.891,43 euros

Déficit: 1.111,43 euros.

68.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do XII concurso de fotografía deportiva 2008.

Apróbanse as bases e un orzamento de 4.000 euros. Prazo de presentación: ata o 28 de maio.

69.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do uso dos estadios de San Lázaro e San Lázaro II para desenvolver o torneo Caixa Galicia de Seleccións Territoriais SUB-17, SUB-15 e fútbol 7.

Autorízase con carácter gratuíto o uso dos referidos equipamentos deportivos para o vindeiro xoves 1 de maio ao tratarse dunha actividade de interese para o fútbol base da cidade.

70.- Proposta do concelleiro delegado de deportes relativa á autorización do gasto para a celebración da fase de ascenso á máxima categoría nacional do baloncesto feminino.

Apróbase un orzamento de 16.820 euros para a celebración en Santiago da Fase de Ascenso á máxima categoría nacional do baloncesto feminino, que terá lugar entre os días 30 de abril e 4 de maio.

71.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á solicitude á Xunta de Galicia de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais.

Acórdase solicitar á Xunta de Galicia unha subvención por importe de 930.229 euros para a realización de programas do departamento de Benestar Social.

72.- Dar conta de correccións de erros en acordos de concesión de axudas para a rehabilitación de inmobles do casco histórico.

Corríxense os erros.

73.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación Caixa Galicia - Claudio San Martín para realizar proxectos culturais.

Dáse conta do devadito convenio para a realización de actividades culturais. A Fundación achega un total de 510.000 euros.

URXENCIAS

1.- Adxudícase o servizo de montaxe, organización e coordinación dos actos de celebración da Festa dos Maiores 2008 á empresa ULLA CARGO, SL, por importe de 20.967 euros.

2.- Adxudícase o servizo de comidas durante a celebración da Festa dos Maiores 2008 no recinto feiral de Amio á empresa CONGELADOS VELOSO, SL, por importe de 28.890 euros.